



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Sistemas de información. Xestión das TIC		Código	611507011
Titulación	Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Fernández Rodríguez, María Teresa	Correo electrónico	m.fernandezr@udc.es	
Profesorado	Aranda Vasserot, Adolfo	Correo electrónico	adolfo.aranda@udc.es	
	Fernández Rodríguez, María Teresa		m.fernandezr@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	A materia pretende formar os coñecementos e desenvolver as competencias básicas relativas á aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nun contexto empresarial, adoptando unha perspectiva de xestión			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE01 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da revisión crítica das actuacións sociais e ambientais das empresas.
A2	CE02 - Comprender a incidencia da contorna na actividade empresarial: dispor de coñecementos adecuados para interpretar e elaborar estratexias de actuación social e ambiental da empresa.
A7	Saber realizar un diagnóstico estratéxico del sector en el que se encuentra ubicado la empresa u organización.
A9	CE09 - Preparar informes económicos-financieros que satisfagan as necesidades dos usuarios.
A10	CE10 - Ler e interpretar estados financeiros.
A11	CE11 - Diseñar estratexias corporativas, competitivas e políticas de empresas.
A21	CE21 - Diseñar sistemas de información para a empresa.
A22	CE22 - Manexar ferramentas informáticas para a xestión de empresas.
B1	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B6	CG1 - Organizar e planificar a xestión empresarial.
B7	CG2 - Resolver problemas empresariais.
B8	CG3 - Tomar decisións na empresa de forma efectiva.
B9	CG4 - Compromiso ético na dirección empresarial.
B10	CG5 - Aplicar coñecementos á xestión empresarial
B11	CG6 - Aprender novas técnicas de dirección de empresas.
B12	CG7 - Adaptarse a novas situacións e xerar novas ideas no mundo empresarial.
B14	CG9 - Entender a importancia da cultura emprendedora.
C1	CT01 - Saber manexar as fontes de información relevante e o seu contido
C2	CT02 - Valorar criticamente o coñecemento e a tecnoloxía.
C3	CT03 - Valorar a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a carreira profesional.
C4	CT04 - Traballar en equipo e desenvolver un espírito lóxico e creativo.



C5	CT05 - Capacidade de análise e síntese
C6	CT06 - Comunicación oral e escrita.
C7	CT07 - Capacidade crítica.
C8	CT08 - Capacidade de liderado
C9	CT09 - Habilidade para traballar de forma autónoma.
C10	CT10 - Capacidade para comunicarse con expertos doutras áreas.
C11	CT11 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Comprende-lo papel das TIC nas organizacións empresariais	AP1 AP2 AP21 AP22	BP1 BP2 BP3 BP4 BP6 BP7 BP8 BP9 BP11 BP12	CP1 CP4 CP5 CP7 CP9 CP10 CP11
Relaciona-las TIC coa competitividade e o desempeño empresarial	AP2 AP7 AP11	BP1 BP2 BP3 BP4 BP6 BP7 BP8 BP10 BP11 BP12 BP14	CP1 CP2 CP6
Comprende-la dinámica financeira dos investimentos intensivos en TIC	AP9 AP10	BP3 BP4 BP6 BP7 BP8 BP10	CP1 CP2 CP4 CP5 CP6 CP7
Saber avaliar investimentos, proxectos ou empresas intensivas en TIC	AP7 AP9 AP10 AP21	BP1 BP2 BP3 BP4 BP7 BP8 BP9 BP10 BP12 BP14	CP2 CP3 CP5 CP6 CP11



Fomenta-lo interese e o sentido crítico en relación á innovación e ó progreso da tecnoloxía		BP11 BP12	CP1 CP2 CP3 CP4 CP5 CP6 CP7 CP8 CP9 CP10 CP11
---	--	--------------	---

Contidos	
Temas	Subtemas
Información e toma de decisións	(I)rracionalidade Datos, información e coñecemento
O sistema de información	Sistemas vs. tecnoloxías da información As TIC en perspectiva histórica A organización como un entramado de fluxos de información
A dimensión interna	Procesamento de transaccións Sistemas de xestión e para a toma de decisións
A dimensión externa	Comercio electrónico Cambios estruturais: nube, intelixencia de negocio, intelixencia artificial, analítica avanzada
Aspectos de xestión	Avaliación de investimentos en TIC Intanxibles e competitividade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A1 A2 A7 A9 A10 A11 A21 A22 B14 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B3 B2 C11 C10 C9 C8 C7 C6 C5 C4 C3 C2 C1	6	12	18
Traballos tutelados	A2 A9 B10 B11 B12 C2 C4 C6 C9 C10 C11	15	52	67
Solución de problemas	A7 A11 A21 A22 B1 B2 B3 B6 B7 C2 C3 C11	15	30	45
Sesión maxistral	A2 A7 A9 A10 A11 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B14 C1 C2 C3	6	12	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Análise crítica de casos reais. Serán actividades prácticas mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e follas de cálculo. Búscase a discusión en pequenos grupos dos contidos
Traballos tutelados	Tarefas de duración media sobre temas ou cuestións específicas, relacionadas coa xestión da información e o tratamento de datos, dentro do ámbito de interese da materia
Solución de problemas	<p>1. Elaboración, exposición e solución de exemplos prácticos que o alumno, en grupo ou individualmente, teña que realizar ao longo do curso.</p> <p>2. Haberá exercicios e/ou lecturas a realizar polo alumno en horario non presencial ou de traballo autónomo. Nas seguintes horas presenciais farase o seguinte:</p> <p>a) unha revisión dos exercicios nos que o alumno poida intervir nos termos descritos no punto 3 e b) das lecturas, abrírase o correspondente horario de preguntas co fin de aclarar aqueles aspectos que o alumno plantexa sobre o contido das mesmas.</p> <p>3. O alumno pode intervir: a) por iniciativa propia, logo de pedir quenda de palabra; b) por iniciativa do profesor, que solicitará expresamente a intervención do alumno.</p>
Sesión maxistral	Presentación xeral dos temas de traballo, e coordinación do grupo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	1. Na sesión maxistral o alumnado pode intervir, logo de petición da palabra, para preguntar, aclarar ou expoñer o seu punto de vista sobre o tema que no momento da súa intervención se estea a tratar.
Solución de problemas	2. Na solución de problemas e nos traballos tutelados, o alumnado pode intervir tal e como se expón no apartado de metodoloxías.
Traballos tutelados	<p>3. As titorías individualizadas para todo o alumnado (incluído o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia) celebraranse nos horarios anunciados ao inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia. Neses horarios, o alumnado será atendido para aclarar aquelas dúbidas que lle xurdan para a preparación da materia. Aínda que non é obrigatorio, se a través do correo electrónico do profesorado que imparte o grupo ao que pertence o alumnado, expón as súas dúbidas e data e hora (dentro das de titorías) en que está interesado en ser atendido, facilitarase a xestión e efectividade destas.</p> <p>3. Sin citar á persoa que evacuou a consulta, ésta pode ser publicada en Moodle xunto coa resposta, coa finalidade de que o restante alumnado poida sacar proveito da mesma. Todo elo se o profesorado a considera oportuna e de interese xeral.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A1 A2 A7 A9 A10 A11 A21 A22 B14 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B3 B2 C11 C10 C9 C8 C7 C6 C5 C4 C3 C2 C1	Os casos consistirán na preparación e discusión de actividades relacionadas cos contidos específicos da materia	20



Solución de problemas	A7 A11 A21 A22 B1 B2 B3 B6 B7 C2 C3 C11	<p>Os problemas consistirán en exercicios individuais e/ou en grupo utilizando follas de cálculo que conteñan datos relacionados coa xestión empresarial e a toma de decisións.</p> <p>Valorarase i) o grao de participación; ii) creatividade e nivel de asertividade; iii) a capacidade para diagnosticar as situacións suscitadas e facer valiosas achegas; iv) a calidade das solucións propostas; v) o contido da memoria ou memoria presentada; e vi) a capacidade de apoiar as conclusións con argumentos baseados na lóxica financeira, organizativa e competitiva da empresa.</p> <p>No caso de tarefas grupais, a cualificación poderá individualizarse segundo estes criterios.</p>	40
Traballos tutelados	A2 A9 B10 B11 B12 C2 C4 C6 C9 C10 C11	<p>Traballo en grupo autónomo no que cada grupo escollerá unha base de datos que deberá conter variables cualitativas e/ou cuantitativas e elaborará un informe en Word que incluíra os seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none">- Características do sistema de información elixido- Estrutura do sistema de información- Fontes de información e tipo de datos empregados- Análise e Visualización de datos mediante follas de cálculo, calquera ferramenta estatística ou ?Business Intelligence? O informe explicará os pasos seguidos para realizar a análise correspondente e irá acompañado dos ficheiros de traballo empregados.- Toma de decisións e conclusións <p>Adicionalmente, cada grupo fará unha exposición e presentará a análise e os resultados obtidos no Proxecto de Equipo, incluíndo unha reflexión sobre as dificultades atopadas (por exemplo: datos inexactos, información dispoñible, finalidade da análise, habilidades analíticas) e as leccións aprendidas.</p> <p>A presentación do traballo realizarase e terá unha duración máxima de 10 minutos. Despois da exposición, cada equipo terá que responder ás preguntas ou aclaracións que lle formulen os seus compañeiros ou a profesora.</p> <p>Todos os membros do equipo deberán participar na exposición oral</p>	40

Observacións avaliación



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Queda prohibido o acceso á aula de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: corresponderá unha cualificación de "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.
2. Identificación do alumnado: O alumnado deberá acreditar a súa personalidade segundo a normativa vixente.

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumnado, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% da nota final, independentemente da cualificación acadada.
2. Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica de exención de asistencia: agás para o exame final, para o resto de actividades acordarase un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación ao comezo do cuadrimestre. Por este motivo, este alumnado deberán poñerse en contacto co profesorado da materia nos dez primeiros días do cuadrimestre no que se imparte. As actividades terán o mesmo formato que para o alumnado a tempo completo

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade: Aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente sinalados neste apartado.
2. Segunda oportunidade: Os criterios de avaliación son os mesmos que na primeira oportunidade.
3. Oportunidade adiantada: Avaliarase mediante unha proba mixta que suporá o 100% da nota final.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DA AVALIACIÓN:

1. Con carácter xeral, sen perxuízo do sinalado para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica da exención de asistencia, é necesaria a asistencia a clase para optar á parte da nota correspondente á avaliación continua, tanto de primeira como de segunda oportunidade. Rematado o período de avaliación correspondente á primeira oportunidade, ao alumnado que aínda teña que superar a materia poderáselle propoñer actividades que lle permitan recuperar a parte da cualificación correspondente á avaliación continua para a segunda oportunidade, o que deberá solicitar ao profesorado da materia cunha antelación mínima de dez días á data do exame de segunda oportunidade.
2. Os criterios de cualificación de cada unha das probas anunciaranse no momento da realización da proba e achegaranse co enunciado da mesma.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Gómez Vieites, A. (2009). Sistemas de información: herramientas prácticas para la gestión empresarial. Madrid: Ra-ma- Cardona, J. (ed.) (2011). Sistemas de información empresarial: casos y supuestos prácticos. Granada: GEU- Robson, W. (1994). Strategic management and information systems an integrated approach. Londres: Pitman- Alter, S. (1996). Information Systems. A Management Perspective. Menlo Park, California: Benjamin Cummings- O'Brien, J. (2006). Management information systems. Boston: McGraw - Hill- Li, F. (1995). The geography of business information. Chichester: Wiley- Andreu, R. (1996). Estrategia y sistemas de información. Madrid: McGraw - Hill- Hirschheim, R. et al. (2002). Information systems outsourcing: enduring themes, emergent patterns, and future directions. New York: Springer Verlag <p>A busca e análise de fontes é unha das metodoloxías desenvolvidas durante o curso e un dos seus obxectivos formativos; neste sentido, a bibliografía aportada debe entenderse como unha reseña básica e xeral, que se completa con referencias específicas para cada capítulo.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Solicítase en formato virtual e/ou soporte informático Realízase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos 2.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 3.Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberá incorporarse a perspectiva de xénero nesta materia.Traballase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e propórse accións e medidas para corrixilas. 4. Facilitase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimente dificultades para un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías